



Pérez González, José María (dir.). *Enciclopedia del románico en Galicia*. Aguilar del Campoo: Fundación Santa María la Real, 2012-2015. ISBN 978-84-15072-60-7 (O.C.)

Esta enciclopedia do románico ten as súas orixes hai máis de 15 anos cando un grupo de mozos licenciados pertencentes á *Fundación Santa María la Real*, emprenden con entusiasmo o labor de localizar, identificar e catalogar máis de 1.800 testemuños arquitectónicos de época románica en *Castilla y León*, dando lugar á primeira parte desta obra, dedicada a esta comunidade autónoma, que constou de 17 volumes.

Como nos sinala no limiar o director da publicación, José María Pérez González, este minucioso traballo de recollida de información continua despois perseguindo un obxectivo moito máis amplo: catalogar todo o románico da Península Ibérica co compromiso metodolóxico de acadar a máxima comprensibilidade unida ao maior rigor científico, co fin de chegar tanto ao mero curioso como ao público profesional máis especializado. Para iso mantivéronse dúas vías fundamentais: o labor de documentación gráfica, con fotos e planos, e o de documentación histórica. Cada tomo vai precedido por un artigo introdutorio elaborado por prestixiosos especialistas no tema.

Seguindo esta liña metodolóxica, no ano 2012 publícanse os dous primeiros tomos galegos, dedicados á provincia de Pontevedra, aos que seguirán en 2013 os dedicados a A Coruña e en 2015 a Ourense; conformando a obra que aquí presentamos, a *Enciclopedia del románico en Galicia*, que pronto se verá completada coa publicación da parte referida á provincia de Lugo.

